

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 13 de setembro de 2010 pola que se fixan os prezos de venda ao público de diversas publicacións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Secretaría Xeral de Política Lingüística).*

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51, sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo de informe favorable da Consellería de Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

En consecuencia, no uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro (DOG nº 23, do 21 de marzo), reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro (DOG nº 208, do 28 de outubro) e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo (DOG nº 153, do 8 de agosto),

### DISPOÑO:

Artigo único.

1. Quedan aprobados os prezos de venda ao público das publicacións editadas por esta secretaría e que se relacionan no anexo.

2. Estes prezos entenderanse co IVE incluído.

### Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2010.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

### ANEXO

-Aula de Galego 2. Curso de galego: 18 euros.

-Aula de Galego 3. Libro do alumno: 18 euros.

-DVD *Ben Falado!*: 12 euros.

-Homenaxe a Ramón Piñeiro: 13,11 euros.

-Cadernos Ramón Piñeiro (XII): 6 euros.

-Cadernos Ramón Piñeiro (XIII): 8 euros.

-Cadernos Ramón Piñeiro (XIV). *Celebración de Uxío Novoneyra (1930-1999)*: 9,79 euros.

-*Cadernos Ramón Piñeiro (XV)*. Ramón Piñeiro: *Epistolario lugués*: 8,69 euros.

-*Aspectos Teóricos da Fraseoloxía*: 15 euros.

-*Cadernos da Fraseoloxía Galega 11*: 10,90 euros.

-*Informe de literatura 2008*: 9 euros.

-*O Irmandiño*. *Orgão da Irmandade Galeguista do Uruguai*: 2,20 euros.

-*Cholo e Nela e o rumor da Fraga (caderno)*. XIV *Convivencia de educación infantil*. *O Barco 2010*: 5,44 euros.

-*Cholo e Nela e o rumor da Fraga (revista)*. XIV *Convivencia de educación infantil*. *O Barco 2010*: 4,52 euros.

-*Dicionario galego-latino clásico moderno*: 21,75 euros.

-*Manual básico de documentación administrativa e xurídica*: 12 euros.

-*Xadrez para todos*: 12 euros.

## CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

*Orde do 24 de setembro de 2010 pola que se crean os premios da cultura galega e se convocan para o ano 2010.*

A Xunta de Galicia considera a cultura galega como un elemento fundamental da imaxe de Galicia de cara á nosa propia sociedade e de todo o que ten que ver connosco no exterior. Debido a isto, a través da Consellería de Cultura e Turismo, considera necesario distinguir as persoas e institucións que traballan nos distintos eidos da creación, da conservación e revalorización do patrimonio e da actualización e difusión deste capital intelectual, na propia comunidade ou para o mundo.

Galicia conta con homes, mulleres e entidades situados no máis alto nivel do desenvolvemento cultural da actualidade. Cada vez aparece con meirande forza a nosa plástica, a nosa escrita, a nosa música, a nosa produción escénica ou as nosas artes narrativas virtuais no plano internacional, do mesmo xeito ca o valiosísimo patrimonio cultural co que contamos, revitalizado por particulares, técnicos e entidades públicas e privadas que se encargan de o conservar e de o facer visible para o público.

A cultura, en por si integradora e impulsora de dinámicas de comprensión, favorece en gran medida a confianza da cidadanía na súa propia expres-